



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-4

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

28 de Febreiro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:15

Hora de Finalización

10:28

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 22.02.2024 (ACTA 2024/3)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. RESOLUCION DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 DE AUGAS DE GALICIA, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A REALIZACION DE AUDITORIAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCION DE INFILTRACIONES, EN 2024 (AU301D)

O Sr. Alcalde pasa a dar conta da **Resolución de Augas de Galicia do 26 de decembro de 2023** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de **auditorias municipais das redes de saneamento** para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano **2024** (AU301D)

Seguidamente, dáse conta da "**Memoria xustificativa de auditoría municipal** de inspección de redes de saneamento para a detección de infiltracións no Concello de Castrelo do Val," que elaborou **Aquaourense, SPAMA, S.A.** cun **orzamento** de 14.923,00 euros + 3.133,83 euros de IVE; o que representa un **total de 18.056,83 euros IVE incluído.**

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actuación para a que se solicita subvención, a saber: **“Memoria xustificativa de auditoría municipal de inspección de redes de saneamento para a detección de infiltracións no Concello de Castrelo do Val”**, de acordo co seguinte:

Documento técnico: Memoria.

Autor: **Aquaourense, SPAMA, S.A.**

Data: febreiro 2024.

Orzamento **18.056,83 euros**

SEGUNDO. Solicitar á **Augas de Galicia**, unha subvención, ao abeiro da Resolución de referencia, para a realización de ditas actuacións e **aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.**

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

3º. RESOLUCION DO 29 DE DECEMBRO DE 2023 DE AUGAS DE GALICIA, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A EXECUCION DE OBRAS CO FIN DE MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA, EN 2024 (AU301E)

O Sr. Alcalde pasa a dar conta da **Resolución de Augas de Galicia do 29 de decembro de 2023** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, para a **execución de obras** có fin de **minimizar as perdas de auga**, e se convocan para o ano **2024 (AU301E)**

Seguidamente, dáse conta da **"Memoria de melloras para a eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga no abastecemento no Concello de Castrelo do Val"**, que elaborou **Aquaourense**, cun **orzamento** de 36.575,07 euros + 7.680,76 euros de IVE; o que representa un **total de 44.255,83 euros IVE incluído.**

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actuación para a que se solicita subvención, a saber: **"Memoria de melloras para a eficiencia hidráulica e redución de perdas de auga no abastecemento no Concello de Castrelo do Val"**, de acordo co seguinte:

Documento técnico: Memoria.

Autor: Aquaourense.

Data: Febreiro 2024.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Orzamento **44.255,83 euros**

SEGUNDO. Solicitar á **Augas de Galicia**, unha subvención, ao abeiro da Resolución de referencia, para a realización de ditas actuacións e **aceptar expresamente as condicións de financiamento** e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Declarar que o Concello está en disposición de executar as obras e/ou instalación de equipos e está en posesión das autorizacións e permisos necesarios.

CUARTO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

QUINTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

4º. RESOLUCION DO 15 DE FEBREIRO DO 2024 DA AXENCIA GALEGA DE TURISMO, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DAS SUBVENCIONS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIONES DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS EN 2024 (TU503D)

O Sr. Alcalde pasa a dar conta da **Resolución** da **Axencia de Turismo de Galicia**, do 15 de febreiro de 2024 (DOG núm. 42, do 28/02/2024) pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de **mellora das infraestructuras turísticas**, e se establece a súa convocatoria para o ano **2024 (TU503D)**

Seguidamente, dáse conta da "**Memoria da sinalización turística de benvida ao Concello**", cun **orzamento** de execución material de 24.169,50 euros + 5.075,60 euros de IVE; o que representa un **total de 29.245,10 euros IVE incluído**.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a memoria da actuación para a que se solicita subvención, a saber: "**Memoria da sinalización turística de benvida ao Concello**", cun **orzamento** de execución material de 24.169,50 euros + 5.075,60 euros de IVE; o que representa un **total de 29.245,10 euros IVE incluído**.

SEGUNDO. Solicitar subvención ao abeiro da Resolución pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de **mellora das infraestructuras turísticas**, para o proxecto denominado:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

“Sinalización turística de benvida”. Cun **orçamento total de 29.245,10 €(IVE incluído)**

TERCEIRO: Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras desas subvencións e comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación que se achega coa solicitude.

CUARTO: Manifestar que as actuacións obxecto de solicitude de subvención non estaban iniciadas con data 1 de xaneiro de **2024** e que este Concello ten plena dispoñibilidade sobre os terreos e inmobles sobre os que se van desenvolver as actuacións; o que garantiza a permanencia da actuación subvencionada durante un período que, como mínimo, permita o cumprimento das obrigas previstas na Resolución de referencia.

5º. ORDE DO 07.02.2024 POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS E O PROCEDIMENTO PARA A DISTRIBUCION DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACION LOCAL DESTINADO AOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACION INFERIOR AOS 15.000 HABITANTES, PARA O ANO 2024 (PR486B)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de data **7 de febreiro de 2024**, pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do **fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local** destinado aos **concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes** (PR486B)

Seguidamente dase conta da documentación elaborada por distintos servizos para concorrir a esta convocatoria

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actuación "Mellora da envolvente térmica e da iluminación do pavillón" para a que se solicita subvención, a saber:

LIÑA 1: Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais.

"Mellora da envolvente térmica e da iluminación do pavillón de Castrelo do Val", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Anteproxecto.

Autor: Juan Manuel Mera Díaz, Arq. Tec. Col. 159 COAT Ourense.

Data: Febreiro de 2024.

Orzamento de execución por contrata: 47.947,67 euros.

Honorarios de R.P., coord. seg e saúde e D.E.O.: 3.626,27 euros.

Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): **51.573,94 euros.**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SEGUNDO. Solicitar á **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a realización de ditas actuacións e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

